

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Santiago de Compostela a vinte e oito de novembro de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona Marta Lois González, Concelleira-delegada da Área de Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data 28 de xuño de 2017, polo Excmo. Sr. Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e que lle son recoñecidas a este polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

O Excmo. Sr. Juan Manuel Viaño Rey, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación da citada universidade, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 62/2014, de 28 de maio, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, conforme ao establecido polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e polo artigo 85 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, con CIF Q1518001A, e domicilio en Pazo de San Xerome- Praza do Obradoiro s/n, CP 15705 de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.

Consonte ao artigo 21.2 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Home, as Entidades Locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto das Administracións públicas. No ámbito galego, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade regula no capítulo VIII do título I a colaboración autonómica coas corporacións locais, en particular para a creación e mantemento de plans municipais de igualdade e promoción e creación de concellarías da muller e no capítulo III do título IV a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación.

Pola súa banda, e tamén no ámbito galego, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, lembra nos seus principios o de cooperación e coordinación, consonte ao cal os Concellos, como administración máis achegada á cidadanía participarán no desenvolvemento da lei, habilitándose por parte da administración galega os recursos

necesarios a tal fin (artigo 4.5). No ámbito estatal, de acordo co artigo 19.1 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais, responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariade profesional.

Como tales dereitos sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo de conformidade cos artigos 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, incluíndo situacións de violencia de xénero e incluíndo o dereito á igualdade por razón de xénero, e, conforme ao disposto na sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo de 2016.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exíxible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social (artigo 1º.2).

Finalmente, a Carta Europea para a Igualdade de Mulleres e Homes na vida local (Consello de Municipios e Rexións de Europa, 2006) incide en que as autoridades locais e rexionais, que son as esferas de goberno máis achegadas á poboación, representan os niveis de intervención máis axeitados para combater a persistencia e a reprodución das desigualdades e para promover unha sociedade verdadeiramente igualitaria.

Así, neste marco, o Concello promove a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, un dereito básico recollido en diferentes normas e leis. Dende a Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo trabállase por unha intervención pública e cidadá sistemática e integral que remova os obstáculos e evite a discriminación por razón de sexo, cunhas políticas que garantan a igualdade real entre mulleres e homes, a igualdade de responsabilidades e dereitos. As políticas de xénero impregnan toda a acción municipal, con propostas en todos os ámbitos ao tempo que se aplican medidas específicas destinadas á mellora da situación das mulleres.

Segundo.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exixencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garantan o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atribuíndoselles sobre este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a

participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social (artigo 9.1.e).

Mediante o programa de fomento da cooperación e da solidariedade social os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local, e no desenvolvemento priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero (artigo 24).

Terceiro



En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.



Cuarto.



A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo co Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e no marco da lexislación vixente. Desenvolve actividades de Formación, Investigación e Desenvolvemento científico e Tecnolóxico. Está interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos e coas institucións. E está debidamente inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número F-1064 nas áreas de actuación de comunidade, discapacidade, familia, igualdade, infancia, maiores e menores.

Segundo o artigo 4 dos seus estatutos, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

Quinto.

O Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos e institucións públicas e privadas no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, pólo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO



O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para levar a cabo actividades dirixidas á **FORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO.**



O carácter singular do presente convenio, vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. As tres universidades públicas galegas posúen oficinas de igualdade de xénero que teñen como misión fundamental levar a bo termo o compromiso das universidades coa sociedade na consecución da igualdade real entre homes e mulleres, asumindo os principios de dignidade humana con independencia do sexo das persoas, igualdade e equidade de xénero como elementos fundamentais da actividade universitaria. O evidente interese social e o gran labor desenvolto polas universidades levan ao Concello de Santiago de Compostela a establecer unha colaboración o máis estreita posible coa universidade pública asentada no termo municipal.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO.



Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 4.1.c do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polas cláusulas establecidas no convenio; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; pola Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e pola lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultasen imperativamente aplicable, polos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a partir da entrada en vigor da citada norma o día 02/10/2016.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e, previo ditame non vinculante da comisión á cal fai referencia a cláusula décimo primeira, resolveranse motivadamente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa. Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a notificación da resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

TERCEIRA. ENTIDADE BENEFICIARIA E CONTIDO.

O desenvolvemento destas actividades programa pola Universidade de Santiago de Compostela comprenderá as seguintes actividades:

1. Actividades referentes á igualdade de xénero do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos do Xénero -CIFEX- da USC.

Obxectivo Xeral: Fomentar e difundir a investigación na perspectiva de xénero no marco da USC

Obxectivo Específico: Perseguir a elaboración e difusión do coñecemento científico acerca das relacións de xénero e das mulleres desde perspectivas científicas múltiples, no contexto sociocultural concreto no que a USC se insire. Este coñecemento é básico para o desenvolvemento social da sociedade actual, especialmente a galega.

Organización de actividades con impacto científico, social, e político, contemplando moi particularmente o labor de colaboración social, así como, o coñecemento en profundidade dos procesos de transformacións sociais que se xeran na nosa sociedade, para lograr unha maior igualdade nas relacións entre mulleres e homes, e un cambio da imaxe científica e social das mulleres.

ORZAMENTO DESTA ACTIVIDADE: 1.500 €

2. "Unha enxeñeira ou científica en cada cole"-2ª edición.

Obxectivo xeral. Promover a igualdade de oportunidades e o equilibrio na presenza entre as alumnas e os alumnos nas titulacións da USC. Dar continuidade ao programa de promoción de vocacións científicas nas mulleres iniciado no 2016. Promover elección de titulación non baseadas en roles tradicionais de xénero.

Obxectivo Específico. Incentivar a presenza de rapazas en carreiras relacionadas coas disciplinas STEM (ciencia, enxeñaría, tecnoloxía e matemáticas), que rachen cos estereotipos sexistas da nosa sociedade, mediante actividades didácticas, dirixidas ao alumando de quinto de primaria dos colexios públicos do concello.

ORZAMENTO DESTA ACTIVIDADE: 3.200 €

3.V Edición do Certame Fotografía Ruth Matilda Anderson

Obxectivo xeral: Promoción dunha imaxe positiva da acción de xénero

Obxectivo Específico. 1. Sacar á luz o labor que desenvolven as mulleres na sociedade e que historicamente foi invisibilizado. 2. Deconstruír os estereotipos de xénero sobre os traballos que son propios de mulleres e os que o son de homes

ORZAMENTO DESTA ACTIVIDADE: 4.800 €

4. VIII Edición dos Premios á introdución da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación-1º premio de ámbalas dúas modalidades.

Obxectivo Xeral: Esta actividade organizada pola Oficina de Igualdade de Xénero da USC, foi seleccionada polo *European Institute for Gender Equality* (EIGE) como unha das dez mellores boas prácticas de promoción da igualdade de xénero nas universidades e centros de investigación de entre máis de 50 de toda a Unión Europea. O Concello de Santiago contribuirá a dar continuidade a esta actividade, financiando os primeiros premios das dúas modalidades establecidas (docencia e investigación).

Obxectivo Específico. Promover a integración da perspectiva de xénero nos contidos de formación, ensinanza de la investigación da USC e avanzar na consideración desta perspectiva de forma transversal en calquera actividade de carácter científico ou académico, como criterio de excelencia.

ORZAMENTO DESTA ACTIVIDADE: 1.500

CUARTA. COMPATIBILIDADE

Esta subvención é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada.

Para o caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

QUINTA. ORZAMENTO

Para a realización das actividades descritas no presente convenio o Concello de Santiago de Compostela achegará a cantidade de 11.000 € (once mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 070 23102 48900/2017 dos orzamentos xerais municipais, segundo o artigo 33 das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017.

A Universidade de Santiago de Compostela destinará as achegas feitas polo Concello de Santiago de Compostela a sufragar os gastos correntes derivados dos servizos prestados no marco do programa obxecto deste convenio.

A Universidade de Santiago de Compostela achegará os recursos materiais e humanos para levar a termo as actividades sinaladas anteriormente e responsabilizarase e asumirá a coordinación total das actividades.

De non xustificar o importe total da subvención concedida, e sempre e cando se acadase a finalidade perseguida polo convenio, o Concello de Santiago de Compostela minorará a súa achega proporcionalmente ao importe xustificado.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E MODO DE PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase coa xustificación do cumprimento da finalidade da subvención, a realización das actividades, e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa nos termos establecidos na normativa comunitaria e nacional de aplicación,

na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e integrada polos documentos que a continuación se sinalan:

1. Memoria de actuación.

a. **Memoria de actuación**, expedida polo órgano competente da Universidade de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. **Acreditación documental, material ou gráfica** (fotografías, fotocopias, captura de pantallas...) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada, segundo o disposto na cláusula novena deste convenio.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incluirá:

a) **Certificación**, expedida polo órgano competente da Universidade de Santiago de Compostela dos gastos realizados.

b) **Relación das facturas e outros gastos realizados**, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e a data de pagamento, así como a porcentaxe de gasto que se imputa a este convenio, asinada polo órgano competente da Universidade de Santiago de Compostela.

c) **Orixinais das facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior, e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) **Declaración responsable das axudas concedidas ou solicitadas** para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 30 de novembro de 2017, e deberá presentarse no Concello de Santiago de Compostela con data límite 15 de decembro de 2017.

Non obstante, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nas bases de execución do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017, poderán realizarse pagamentos a conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.


SÉTIMA. OBRIGAS

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a:

1. Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes do Concello de Santiago de Compostela, e calquera outro órgano con competencias en materia de control de fondos públicos no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das

axudas, comprometéndose a manter unha separación contable axeitada para os gastos relacionados coa axuda para facilitar a “pista de auditoría”.

2. Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tamén se compromete a cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei.
3. Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
4. Promover nas actuacións subvencionables a igualdade entre homes e mulleres, a eliminación de todas as formas de discriminación de xénero, así como aquelas que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.



OITAVA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e o Concello de Santiago de Compostela, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir ao Concello de Santiago de Compostela ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

NOVENA. PUBLICIDADE, TRANSPARENCIA E COLABORACIÓN



1. As partes comprométense ao cumprimento das obrigas derivadas da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

2. Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 52 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, regúlase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.

2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:

- a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
- b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
- c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado. Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

- d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.
- e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.



A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados nos termos previstos pola citada normativa vixente. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da Universidade de Santiago de Compostela a favor do Concello de Santiago de Compostela para o tratamento necesario dos datos relevantes da subvención concedida e a súa publicidade.

3. A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a:

- 1. Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste convenio o financiamento do Concello de Santiago de Compostela, así como os seus correspondentes logotipos ou aqueloutros que se determinen. En concreto, deberá figurar de forma visible un cartel informativo que indique este cofinanciamento no lugar onde se realicen as actividades, e constar en toda a documentación, publicacións, actuacións de difusión ou convocatorias relativas ou resultantes das actividades obxecto deste convenio.
- 2. Comunicarlle ao Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentan a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- 3. Facilitar a actuación do persoal técnico do Concello de Santiago de Compostela no referente ao seguimento das actividades obxecto da subvención e remitirle un informe final detallado das actuacións levadas a termo.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO

Serán causa de revogación deste convenio as recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en especial, o incumprimento dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas.

A subvención concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da subvención contemplada no presente convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida xunto cos xuros de demora devengados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- 
- 
1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da subvención percibida.
 2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

Para o caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestímulo pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegraranse á tesourería municipal as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese. En todo caso, a Universidade de Santiago de Compostela sométese á normativa vixente en materia de subvencións, referenciada na cláusula segunda.

DÉCIMO PRIMEIRA. SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constitúese unha comisión mixta que estará integrada por:



- Polo Concello de Santiago de Compostela, a Concelleira-delegada da Área de Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, que poderá dispor a súa substitución por algún funcionario ou algunha funcionaria da área.
- Pola Universidade de Santiago de Compostela, o seu Excmo. reitor magnífico ou a persoa que dispoña para que o substitúa.

Sen prexuízo do anterior, todas aquelas cuestións relacionadas co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas polo Concello de Santiago de Compostela.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben serán subvencionables ao abeiro do mesmo coas achegas feitas polo Concello de Santiago de Compostela as accións englobadas no presente convenio que a Universidade de Santiago de Compostela realizase dende o 1 de xaneiro de 2017 ata a data límite para a presentación da xustificación, indicada na cláusula sexta.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio e os seus anexos por duplicado exemplar, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

 	
D^a Marta Lois González. Concello de Santiago de Compostela.	Excmo. Sr. Juan Manuel Viaño Rey. Universidade de Santiago de Compostela.

ANEXO I

ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN



ACTIVIDADE/PROGRAMA: "ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á FORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO."

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2017
1. Actividades referentes á igualdade de xénero do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos do Xénero - CIFEX- da USC.	1.500 €
CONCEPTOS: Material funxible e gastos de difusión	
2. "Unha enxeñeira ou científica en cada cole"	3.200 €
CONCEPTOS: RETRIBUCIÓN POR CURSOS-OBRAIDROS MATERIAL FUNXIBLE. DESENVOLVEMENTO DOS OBRAIDROS MATERIAL E GASTOS DE DIFUSIÓN	 2.350 € 250 € 600 €
3. V Edición do Certame de Fotografía Ruth Matilda Anderson".	4.800 €
CONCEPTOS: PREMIOS MATERIAL E GASTOS DE DIFUSIÓN	 2.300 € 2.500 €
4. VIII Edición dos Premios á introdución da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación-1º premio de ámbalas dúas modalidades	1.500 €
MATERIAL E GASTOS DE DIFUSIÓN	
TOTAL	11.000 €


Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto.

O orzamento e un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduxa o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE



En Santiago de Compostela, ade.....de 2017.



ANEXO II

DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS, CONCEDIDAS OU PERCIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL
NIF
ENDEREZO
LOCALIDADE
TF/FAX
CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS
NIF
EN CALIDADE DE

DECLARO que o conxunto das axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas para a mesma finalidade, PROGRAMA/ACTIVIDADE _____

_____ obxecto do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago de Compostela, para o ano 2017, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais son os seguintes:

☐ Ningunha outra axuda ou subvención.

☐ Outras axudas ou subvencións.

CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P(1)	(2)IMPORTE (€)	%(3)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE (4)

(1)Indíquese o que corresponda S(solicitada),C(concedida),P(percibida)

(2)Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.




(3) Porcentaxe da axuda sobre o custe total.

(4) Indíquese nome da Administración /Entidade pública concedinte e, data da resolución.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017 e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2017. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2017. Lei 28/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE



LUGAR E DATA

.....de.....de 2017.



